

Convenio colectivo da empresa Club de Campo de Vigo (Anos 2003-2007)¹

Artigo 1º.-Ámbito.

Este convenio será de aplicación no centro de traballo da empresa Club de Campo de Vigo, existente no momento do seu asinamento e, por extensión, a calquera lugar onde o persoal do cadro do mencionado centro puidese prestar os seus servizos.

Artigo 2º.-Vixencia.

Este convenio terá unha vixencia de cinco anos, e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2003 e rematará o 31 de decembro de 2007. Calquera que sexa a data do seu asinamento ou publicación no BOP, os efectos económicos retrotraeranse ao 1 de xaneiro.

Artigo 3º.-Retribucións salariais.

As retribucións salariais serán as que figuran na táboa anexa.

O incremento salarial será o 4% para o ano 2003.

Ano 2004: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2003.

Ano 2005: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2004.

Ano 2006: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2005.

Ano 2007: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2006.

Artigo 4º.-Antigüidade.

Os aumentos por antigüidade serán calculados por trienios desde o ingreso na empresa do traballador. Aboaranse a razón de:

1º trienio: 8%.

2º trienio: 16%.

3º trienio: 20%.

4º trienio: 23%.

5º trienio: 25%.

6º trienio: 35%.

7º trienio: 40%.

8º trienio: 50%.

A partir dos vinte e cinco anos de antigüidade, o 60%.

O complemento por antigüidade precibirano, unicamente, os traballadores que estivesen en alta na empresa con data do 31-1-1998. Os traballadores que causen alta no servizo da empresa con posterioridade á data antes indicada, non devengarán nin xerarán o dereito ao devandito devengo ningunha cantidade por ese concepto mentres dure a súa relación laboral con ela. Isto aplicarase tamén a aqueles traballadores que, estando en alta o 31-12-1998, cesasen no servizo da empresa a partir da devandita data e volvesen causar alta con posterioridade nela.

Artigo 5º.-Pagas extra.

Todo o persoal percibirá catro pagas extra, que serán aboadas nas seguintes datas: 10 de marzo, 15 de xullo, 10 de outubro e 21 de decembro.

O importe das pagas será de trinta días (30) de salario real base máis antigüidade. En ningunha delas se computará a prima de asistencia nin o complemento de transporte.

Artigo 6º.-Complemento de transporte.

Para o ano 2003 cobrarase a cantidade de 3,41 A por día de traballo efectivo.

Ano 2004: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2003.

Ano 2005: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2004.

Ano 2006: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2005.

¹ Publicado no DOG núm. 81, do 28 de abril de 2005.

Ano 2007: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2006.

Artigo 7º.-Complemento de asistencia.

Para o ano 2003 cobrarase a cantidade de 1,82 A por día de traballo efectivo.

Ano 2004: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2003.

Ano 2005: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2004.

Ano 2006: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2005.

Ano 2007: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2006.

Artigo 8º.-Xornada.

A xornada semanal será de 40 horas de traballo efectivo, é dicir, 1.800 horas ao ano.

Artigo 9º.-Vacacións.

Todos os traballadores que se regulen por este convenio terán dereito a trinta días (30) naturais de vacacións ininterrompidas. Non obstante, neste ano 2003 desfrutarán 5 días máis, a cambio de non desfrutalas nos meses de xuño, xullo e agosto e desde o período abranguido entre o 20 de decembro de 2003 e o 10 de xaneiro de 2004 (ambos os dous incluídos). Nestes cinco (5) días extra non se descontarán os complementos de asistencia nin de transporte. As vacacións serán rotativas. Para os anos 2004, 2005, 2006 e 2007 as condicións serán idénticas.

Artigo 10º.-Descanso.

O club permanecerá pechado o día un de xaneiro de 2003, despois de rematar a festa de fin de ano.

Artigo 11º.-Licenzas.

O persoal terá dereito a que se lle conceda permiso con percepción dos salarios correspondentes nos seguintes casos e polo tempo que se expresa:

a) Por matrimonio: 20 días naturais.

b) Por nacemento dun fillo: 3 días naturais.

c) Por enfermidade grave ou falecemento de parentes de primeiro e segundo grao de consanguinidade e afinidade: 3 días naturais.

d) Por traslado de domicilio habitual: 1 día natural.

e) Por matrimonio de irmáns, pais e fillos: 1 día natural.

Calquera traballador que teña que se trasladar fóra da provincia por calquera dos motivos anteriormente citados, terá dereito a dous días máis.

Artigo 12º.-Enfermidade.

En caso de accidente de traballo, con baixa de internamento, completárase a prestación da Seguridade Social ata o 100% do salario base.

Artigo 13º.-Horas extraordinarias.

Para este ano 2003, as horas extra que se realicen serán devengadas de acordo co establecido no artigo 35 do Estatuto dos traballadores e demais disposicións xerais. Para os anos 2004, 2005, 2006 e 2007 incrementarase o IPC previsto polo Goberno.

Artigo 14º.-Revisión médica.

Realizaráselle por conta da empresa unha revisión médica anual a todo o persoal. Esta revisión farase preferentemente en novembro.

Artigo 15º.-Roupa de traballo.

A todo o persoal afectado por este convenio que necesite para o seu traballo uniforme ou roupa adecuada, a empresa proporcionarlle unha muda de acordo coas súas necesidades. A revisión de vestiario farase, preferiblemente, en primavera.

Artigo 16º.-Dereito sindical.

O representante dos traballadores deberá ser informado dos plans da empresa por parte do seu xerente.

Artigo 17º.-Lexislación subsidiaria.

En todo o non expresamente recollido neste convenio, aplicarase o que dispoñan as normas de vixente aplicación.

Artigo 18º.-Comisión paritaria.

Constitúese unha comisión paritaria como órgano de interpretación e vixilancia do cumprimento do convenio e compórase dun presidente, un secretario e un vogal de cada unha das partes, social e económica. Serán presidentes e secretarios os actuais titulares da negociación do convenio e, no seu defecto, os designados pola comisión. Ambas as partes acordan someter a esta comisión cantas dúbidas, discrepancias ou conflitos puidesen derivar como consecuencia da aplicación, desenvolvemento ou interpretación do convenio, para que esta emita o seu informe como trámite previo, antes de acudir á xurisdición correspondente.

Artigo 19º.-Comedores.

Todos os traballadores incluídos no cadro de persoal terán dereito á manutención sempre que o requiran as necesidades do servizo.

Considéranse necesidades do servizo:

- a) Cando o traballador teña menos dunha hora de descanso entre xornada e xornada de traballo.
- b) Cando a xornada sexa continua non se descontarán nin o tempo nin os haberes por manutención.
- c) As que non estean incluídas nestas alíneas poderán comer na empresa, pagando unha cantidade que será fixada ao respecto pola xerencia.

Artigo 20º.-Prazo de aviso previo e denuncia.

De conformidade coa lexislación vixente, o convenio darase por denunciado tres meses antes do seu remate, comprometéndose ambas as partes a

comezar os trámites de negociación para un novo convenio a partir da devandita data.

Artigo 21º

Este convenio foi negociado:

-Pola parte económica:

Manuel Sanjurjo Blein (presidente).

José M^a Criado del Rey (tesoureiro).

Pablo Viana Tomé (secretario).

-Pola parte social:

Raimundo Mera Pazos (delegado).

Gilberto Misa Macial (conserxe).

Ismael Leyenda Piay (xardineiro).

Estes tres últimos foron elixidos polo resto do persoal en asemblea para a súa representación.

Táboa salarial do convenio colectivo da empresa Club de Campo de Vigo Ano 2003

Categorías	Salario bruto	Grat. vol. abs.
-------------------	----------------------	------------------------

Persoal administrativo		
Xerente	1.853,43 €	
Oficial 1ª	868,56 €	101,51 €
Oficial 2ª	720,65 €	
Auxiliar administrativo	556,19 €	
Aspirante advo. (17 anos)	SMI	
Aspirante advo. (16 anos)	SMI	
Persoal subalterno		
Conserxe	662,16 €	86,64 €
Axudante de conserxe	653,55 €	
Porteiro	552,09 €	
Mozo dos recados (17 anos)	SMI	
Mozo dos recados (16 anos)	SMI	
Coidador de pistas	653,55 €	
Persoal obreiro		
Xardineiro	703,17 €	
Vixilante nocturno	653,55 €	
Especialista	653,55 €	
Peón	598,17 €	
Encargada limpeza	616,72 €	274,84 €
Limpadora	616,72 €	
Personal bar-restaurante		
Encargado	1.301,72 €	147,74 €
Subencargado	933,68 €	147,74 €

Camareiro	653,55 €	
Axudante camareiro (17 anos)	552,09 €	
Aprendiz camareiro (17 anos)	SMI	
Aprendiz camareiro (16 años)	SMI	
Xefe de cociña	1.026,44 €	
Cociñeiro	790,77 €	
Axudante de cociña	616,72 €	
Pinche de cociña	616,72 €	
Pinche de cociña (17 anos)	SMI	
Pinche de cociña (16 anos)	SMI	